

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Padróns e listaxes cobratorias; vaos 2022; taxa entrada de vehículos a través de beirarrúas

ANUNCIO

Padróns e listaxes cobratorias. VAOS 2022. Taxa entrada de vehículos a través de beirarrúas

Expediente TEDEC: 2024/X999/000092

Por resolución ditada en data 7 de xuño de 2024, Decreto nº 227/2024, o Sr. Alcalde resolveu:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón de contribuíntes da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, correspondente ao exercicio 2022, que figura coma anexo a esta resolución por un importe total de 6.346,56 euros.

SEGUNDO.- Aprobar as liquidacións que figuran no citado padrón que constan no expediente por importe global de 6.346,56 €.

TERCEIRO.- Durante o período de quince días hábiles a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, estará exposto ao público o censo completo do tributo.

CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, todos os interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

QUINTO.- Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no Boletín do citado edicto. Transcorrido este prazo iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de prema e reivindicáranse os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

SEXTO.- Notificar de forma colectiva as liquidacións e o anuncio de cobranza en voluntaria do ingreso de Dereito Público anterior polos medios habituais, xunto coa súa publicación no el Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios da Entidade. A publicación no Boletín Oficial da Provincia do devandito anuncio producirá efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Concello de Carral, 12 de xuño de 2024

O Alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose

2024/4145